

NOITES DE CINE EN GALEGO

VENRES, 31 XULLO, ÁS 22:00 H
O QUE ARDE +7 anos



Ninguén agarda a Armador cando sae da cadea tras cumprir condena por ter provocado un incendio. Regresa á súa casa, unha aldea perdida das montañas lucenses, onde volverá convivir cos seus pais Benedicta. As súas vidas transcorren ao ritmo sosegado da natureza, ata que todo cambia cando o lume arrasa a zona.

VENRES, 7 AGOSTO, ÁS 22:00 H

EROSKI PARAÍSO Todos os

públicos Antonio e Eva coñecéronse na discoteca Paraiso en 1989. Eva queda embarazada, casan e teñen a Alejandra. En 2019, Alejandra medra e convértese nunha prometedora cineasta que regresa á casa para filmar un documental sobre a vida dos seus pais. Pero agora están divorciados, levan anos sen verse e a vella discoteca onde se coñeceron transformouse nun supermercado Eroski.



LOCALIZACIÓN



Actuacións na praza do Convento
Noites de Cine no parque Rosalía de Castro

CAPACIDADE LIMITADA

RESERVA A TÚA PRAZA:

no teléfono **981505003**

ou no correo electrónico

reservasculturais@concello demelide.gal



**CONCELLO
DE MELIDE**



**Deputación
DA CORUÑA**



XOVES EN FAMILIA

XOVES, 30 XULLO, ÁS 20:30 H

NO CAMIÑO CON VALLECILLO

(Luis Vallecillo) Espectáculo musical para público familiar. Cantamos ao longo do camiño? Luis e a súa banda comezan unha viaxe de contos, xogos e moita música.

XOVES, 6 AGOSTO, ÁS 20:30 H

MUIÑADA (Galeatro).

Espectáculo para público familiar.

Muiñada conta a historia dun mozo e unha moza que por un malentendido coa quenda se atopan nun muíño de auga. Ao ver que os dous non poden moer ao mesmo tempo, comezan unha discusión na que o xogo, as lendas, a tradición e a música farán que os cativos se

acheguen a un edificio que foi fundamental para Galicia: o muíño de auga.

XOVES, 13 AGOSTO, ÁS 20:30 H

SÓ (XANPATITO PATO)

Espectáculo de circo para público familiar (recomendado para +4 anos). Xogos, pelotas, equilibrios imposibles, caixas dentro doutras caixas, caixas con vida propia ou pelotas que rebotan. Un caos do que xorde un universo onde nada é o que parece.

NOITES MUSICAIS

SÁBADO, 1 AGOSTO, ÁS 21:30 H

CAAMAÑO & AMEIXEIRAS

Caamaño-Ameixeiras irrompen coma un refacho no escenario. Sacan a bailar as galiñas e poñense a rexoubar con violín e acordeón. Afrontan o compromiso ineludible de sacudir os corpos e os refaixos.

Sabela Caamaño: Acordeón e voz
Antía Ameixeiras: Violino e voz

SÁBADO, 8 AGOSTO, ÁS 21:30 H

DAVIDE, FRANSY E CIBRÁN

Davide Salvado (percusión e voz), Fransy González (percusión e voz) e Cibrán Seixo (violin e mug). Voz, pandeireta e pandeiro son os ingredientes principais desta idea conxunta, cunha nova sonoridade na que mostran cancións de sempre sen perder, cada un deles, o seu estilo persoal.

VENRES, 14 AGOSTO, ÁS 21:30 H

ZOELAS

Música tradicional fusionada con outros estilos. Un matriarcado que, partindo do seu contacto coa música tradicional, decide xuntar inquietudes musicais para dar lugar a un proxecto no que misturan as raíces do canto tradicional con melodías doutros estilos musicais e letras propias convi-vindo con coplas recollidas.

Beatriz García, María Bouzas, Pilar Naveira, Érica García e Patricia Coucheiro (voz)
Michel Rivadulla (guitarra) // Bruno Villamor (requinto, zanfona e gaita) // Miguel Varela (percusión)